



BOP

VENRES, 12 DE DECEMBRO DE 2025

N.º 284

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **NOVIEMBRE 2025**, integrado por 22 recibos por importe total de 7.862,90 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de **novembro 2025**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 28 de novembro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3451

LUGO

Anuncio

O Pleno do Excmo. Concello de Lugo, na sesión celebrada o día 27 de novembro de 2025, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento do Consello Escolar Municipal, e o sometemento do expediente ao trámite de información pública e audiencia dos interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións, mediante anuncios para inserir no Boletín Oficial da Provincial e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na súa virtude, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, queda aberto o trámite de información pública e audiencia referido, que se iniciará a partir do día seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As suxestións e reclamacións que, de ser o caso, se formulen deberán dirixírselle ao Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Concello, e poderán presentarse nos rexistros e oficinas autorizados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O expediente atópase no Servizo de Educación, sito no 3º andar do Centro Cívico Municipal Uxío Novoneyra da rúa Quiroga Ballesteros.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, darlle conta ao Pleno da Corporación.

Lugo, 4 de decembro de 2025.- O alcalde, PD Decreto núm. 10280/2025, do 4 de novembro, a concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide Pena.

R. 3452

A PONTENOVA

Anuncio

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante decreto de Alcaldía, con data do 2 de decembro de 2025, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de A Pontenova para o ano 2025, que comprende as prazas vacantes sinaladas neste anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales non poden ser cubertas con efectivos de persoal existente na Corporación municipal.

A oferta de emprego público do Concello, conta coas prazas seguintes:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Auxiliar Administrativo e Secretario Xulgado de Paz	Funcionario
1	Capataz adxunto/a obras e servizos externos,	Laboral fixo
1	Profesor escola música municipal- especialidade piano	Laboral fixo - discontinuo
1	Profesor escola música municipal- especialidade guitarra	Laboral fixo - discontinuo
1	Operario servizos múltiples	Laboral fixo

A Pontenova, 3 de decembro de 2025.- O alcalde – presidente, Darío Campos Conde.

R. 3453

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025/0433, de data 3 de decembro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de novembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizárase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 4 de decembro 2025.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3454

NOTARÍA

Anuncio

DON ÁNGEL CASTELLÓ VICEDO, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA, CON RESIDENCIA EN LUGO,

HACE CONSTAR

Que en virtud de escritura por él autorizada el día dos de octubre de dos mil veinticinco, número 1.897 de su protocolo, el Contador Partidor designado, DON JOSÉ-MANUEL IGLESIAS SALVADOR, y el heredero DON DARÍO LÓPEZ LÓPEZ, que representaba más de las tres cuartas partes del haber hereditario, procedieron a la protocolización del cuaderno particional de las herencias de sus padres, los cónyuges DOÑA ELVIRA LÓPEZ DOMÍNGUEZ y DON JOSÉ LÓPEZ VILARIÑO, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 306 de la Ley 2/2006 de 14 de junio de Derecho Civil De Galicia.

Lo que se pone en conocimiento de **los que puedan resultar herederos de DON MANUEL LÓPEZ LÓPEZ**, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 297 de la citada Ley.

Lugo, cuatro de noviembre de dos mil veinticinco.- Notario, Ángel Castelló Vicedo.

R. 3455
